

Día da Patria no Val Miñor: "Por un cambio en clave galega".

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 23 Xullo 2014 18:44



Máis dun centenar de persoas do Val Miñor "sen siglas partidarias; diversas e plurais" e "unidas polo amor a Galiza", celebraron un encontro o pasado martes no Pazo da Escola nun adianto da conmemoración do Día da Patria. No acto fixeron uso da palabra o arqueólogo Xosé Lois Vilar e mais o profesor Xulián Maure. A velada contou coa animación dun grupo de gaiteros que "decatáronse da celebración por Facebook" e concorreron pola súa conta a compartir a súa música. Tralas intervencións tivo lugar unha mesa de petiscos e viños nunha velada de confraternidade que durou ate vén entrada a noite. "O ano que vén sen dúbida seremos máis e todo sairá mellor", salientaron os organizadores "pois son moitas as persoas que se van sumando ao cambio que os novos tempos marcan pero, en clave galega".

Día da Patria no Val Miñor: “Por un cambio en clave galega”.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 23 Xullo 2014 18:44
